

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Paula Quinteiro Araujo e David Rodríguez Estévez**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Larouco, a Serra do Xurés, o Macizo Central, Verín, Arbo, Cotobade, O Barbanza, Ribeira Sacra... moitos son os lugares afectados polos incendios, e moitos deles Espazos naturais protexidos, montes en Rede Natura, LIC's, ZEPA's, parques naturais, Reservas da Biosfera... todos eles ecosistemas de gran valor económico e medioambiental.

Moitos dos incendios forestais calcinaron estas zonas de forma descontrolada por falta de medios tanto materiais como humanos, e non tivemos máis desgrazas persoais ou máis perdas materiais grazas á profesionalidade e a implicación das traballadoras e traballadores que integran os distintos colectivos forestais.

Centos de incendios forestais, miles de hectáreas calcinadas, centos de millóns de euros perdidos en produtos primarios, máis tamén se deben calcular as perdas tendo en consideración a multifuncionalidade dos ecosistemas forestais, valorem os paisaxes, o aire que respiramos, a auga que bebemos, as múltiples e variadas funcións dos montes e bosques, a cultura, a etnografía, o turismo rural..., unha perda económica, ecolóxica e social que o noso País non se pode permitir, non podemos asumir tantas perdas que afondan aínda máis na falla de alternativas económicas e sociais no conxunto de Galicia.

As perdas económicas, ecolóxicas e sociais que os lumes producen nos nosos montes xeran a indignación da sociedade galega. Esta indignación debe producir unha reacción por parte da Xunta de Galicia, levando a cabo políticas de protección dos espazos e de reordenación do espazo agroforestal galego.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. A modificación do Consello Forestal Galego, coa revisión da súa composición actual, integrando nel a todos os axentes sociais. Del debe saír un órgano consultivo e representativo multisectorial, a semellanza do que ocorre nos países da nosa contorna.
2. A que asuma a necesidade dun plan estratéxico de xestión do monte galego que marque un cambio na política agro-forestal que acade o consenso necesario entre todos os grupos políticos e sociais e, en particular dos propietarios forestais. A día de hoxe o plan forestal de Galicia da Xunta é do ano 1992 e non existe un plan anual de prevención a maiores do PLADIGA, que se centra exclusivamente na extinción no período de alto risco.
3. A ordenación dos cultivos agrarios e forestais e mobilización produtiva das terras asignándolles as localizacións máis axeitadas, evitando o aumento da superficie ocupada por especies de medra rápida, favorecendo así a perda de máis superficie agraria útil.

4. Instar a Xunta de Galicia, a administración central e a todas aquelas administracións con competencia en materia de recuperación ambiental á posta en marcha inmediata de plans de restauración e recuperación das zonas afectadas por incendios.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2016